

Intervencións que terán lugar en 2023:

O coñecemento da historia da **Illa de San Sadurniño** e as resultas das sondaxes arqueolóxicas levadas a cabo recentemente indican a presenza de estruturas correspondentes a varios momentos. A dúbida está na existencia dunha ocupación previa ao século XV, momento no que existe constancia documental do complexo e a torre cuxos restos son hoxe visibles. Os obxectivos da intervención son o mapeado de parte das estruturas soterradas e a datación da secuencia de ocupación da illa.

A documentación histórica acredita a ocupación das **Torres de Oeste** desde principios do século IX xa como fortificación defensiva, pero as escavacións arqueolóxicas acreditan un uso desde a Idade do Ferro (s. II a.C.) que se prolonga ata o século V. Semella que existe un hiato desde entón ata a construción da fortificación medieval, co que o xacemento tería un uso prolongado pero, aparentemente, intermitente. Non hai certeza completa do alcance das ocupacións protohistórica e antiga nin, en parte, da verdadeira complexidade da fortaleza medieval, e a intervención busca responder estas dúas cuestións.

Os **Chozos** (refuxios para pastores e gando) **do Alén** son a pegada arqueolóxica máis relevante, pero escasa, do fenómeno da gandería extensiva tradicional no monte. A súa tipoloxía é única en Galicia polas reducidas dimensión de cada un, pero o seu gran número e concentración non son usuais. Os chozos están acompañados dun foxo de lobo dobre único en Galicia, conformando unha completa paisaxe gandeira.

Castrolandín é representativo do auxe e final da cultura castrexa. Habitado entre o século III a.C. e mediados do século II, é un sitio idóneo para explorar o proceso de transformación da cultura galaica en galaico-romana. Na anterior campaña documentouse na súa periferia un evento de uso de mediados do século II, e tamén se comprobou a existencia dun poboamento estendido máis aló da croa do castro, xa na Idade do Ferro. Continuaranse as investigacións nas terrazas da contorna do castro para delimitar mellor o alcance do poboamento extramuros e as implicacións da existencia dun poboamento periférico deste estilo.

Intervencións que terán lugar en 2024:

Aparentemente **Cano do Mouros** é un castro, pero o que sabemos doutros xacementos da contorna, con emprazamento e características semellantes (Chavella, Cabeciña), propón unha interesante pregunta: é ademais dun castro parte dun sistema defensivo costeiro altomedieval, antigo ou mesmo anterior? A resposta podería incrementar o noso coñecemento acerca das interaccións, pacíficas ou non, deste sector da costa galega co exterior.

Castro Alobre foi ocupado desde o século I a.C. ata o século III, desde o final do mundo galaico ata a consolidación e decadencia do romano. É un período de cambios dun interese que se ve incrementado polo feito de ser un poboado costeiro, que recibiría e difundiría influencias do exterior. Coñécese ben o núcleo do poboado e agora búscase saber máis da contorna inmediata, na área sur.

O dos **Petróglifos de Gargamala** é un dos conxuntos de arte rupestre máis amplo, diverso e mellor conservado de Galicia nunha extensa paisaxe de monte, hoxe deshabitada, na que se atopa tamén un castro da Idade do Ferro. A escala do conxunto pode facer rendible o estudo das condicións de visibilidade e visibilización dos gravados, así como a análise da relación entre gravados e desprazamento pola paisaxe.

En **Castro de Garellas** realizáronse catas por iniciativa municipal con achados interesantes nos que se atoparían sepulcros en pedra altomedievais. Aos seus pés localízase o lugar de Garellas, formando un conxunto posiblemente interrelacionado no que se poderían documentar sucesivos momentos de transición cultural. A intervención podería detectar eventuais estruturas soterradas vinculadas á evolución do poboamento.